

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de febreiro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinaria do 4, 11, 18 e 25 de xaneiro, 1 e 8 de febreiro de 2023.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a modificación na ubicación da explotación equina de pequena capacidade, en Santa María de Bóveda (2021/Y001/000159); para ampliación dunha nave de planta baixa e primeira de uso industrial sen actividade definida, na rúa Ramón María Aller . (2022/Y001/000251) e para reorganización das parcelas con referencias catastrais 27900A437000270001JS e 27900A437000410000HF en Fontela, Muxa San Salvador. (2022/Y005/000004).

Acórdase estimar o recurso potestativo de reposición contra o acordo da xunta de goberno local en relación coa licenza urbanística para a construción dun almacén agrícola para guarda de maquinaria e almacén de colleitas, en a Torre - Orbazai. (expte: 294/18).

Así mesmo, acórdase denegar a licenza urbanística para legalización dun alpendre para garda de apeiros e leña, en Santuiño, Parroquia de Piúgos (expte: 44/2018).

Tamén se acorda a aprobación da licenza urbanística legalización de anexos a cuadra de cabalos con licenza urbanística número 1360/2012, en Esperante. (expte: 73/2018).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase o pago da diferenza do prezo xusto, fixado polo xurado de expropiación de Galicia, dos bens e dereitos afectados con motivo do "Proxecto de expropiación forzosa das parcelas non incorporadas á

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3139691578630676197.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LCOAL DO 22-2-2023

Xunta de Compensación do Sector II do Sunp "IN-G", Polígono 3, Concello de Lugo". E-188."

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

3. BENESTAR SOCIAL.- Acórdase a resolución do recurso de reposición interposto contra o Decreto 9044/2022 do 16/09/2022, de adxudicación de subvencións a asociacións e entidades xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos sociais (exercicio económico ano 2022).

ÁREA DE ALCALDÍA

4. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase o allanamento no recurso contencioso-administrativo número 228 / 2022.

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

5. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento como funcionario de carreira no corpo da policía local do Concello de Lugo.

Tamén se acorda a cobertura temporal por comisión de servizos do posto de adxunto/a servizo arquitectura.

Acórdase a prórroga da comisión de servizos no posto de encargado/a do fogar do transeúnte do Excmo. Concello de Lugo.

6. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.- Acórdase a prórroga do contrato dende o 26/05/2023 e o 25/05/2024 na contratación da subministración de medallas e trofeos para a concellería de deportes do Concello de Lugo. expte ref. 2022-C004-000001.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo dos anclaxes, liñas de vida e equipos para traballos en altura pertencentes ó servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento (SPEIS) e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2023/C003/000010.

Acórdase a 1ª prorroga do contrato dende o día 17 de marzo de 2023 ata o día 16 de marzo de 2024 na contratación dun servizo de comida no fogar (xantar no fogar) do Concello de Lugo 2022. Expte. ref. 2021/C003/000022.

Así mesmo, acórdase aprobación do proxecto de execución e do prego de

cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contrato mixto de obras, subministración e servizo consistente na realización do “Proyecto de ejecución de parque de juegos en la plaza del Castiñeiro” e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C004/000001.

Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de patrocinio publicitario entre Club Motopark Lugo e o Concello de Lugo con motivo da celebración no término municipal do campionato de españa de motocross. Expte ref. 2023/C005/000001.

Acórdase a Delegación de Competencias na Tenente Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a competencia para a resolución definitiva do contrato da obra “Renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do Barrio do Grupo la Paz”. exp. ref. 2021-C002-000055.

Tamén se acorda a contratación do servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais do Concello de Lugo lote 1 -mecánica para camións- e lote 3 -mecanizado vehículos municipais-. exp. ref. 2021-C003-000047.

Acórdase a 4ª prórroga e modificación do contrato. (tecol 2020/C003/000022) na contratación da prestación do servizo de xestión no Centro Social e Cultural do Vello Cárcere. (Exp. ref 2018-15).

Tamén se acorda aprobar o Convenio de colaboración entre a diocese de Lugo e o Concello de Lugo para a cesión do uso da parcela/solar con referencia catastral 7331407PH1673S 0001 sita en rúa Noriega Varela (Poeta) suelo.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto 23 na contratación do servizo de vixilancia nos centros de convivencia municipais e no centro interxeneracional paco martín e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2022/C003/000037.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación de subministración de materiais e repostos diversos para o mantemento e reparación dos vehículos e máquinas do parque móbil municipal. Expte ref 2022-c004-000029.

Fora da orde do día

Acórdase a modificación do anexo do prego técnico relativo ás dependencias municipais (23.2.3) da contratación do servizo de limpeza de centros, dependencias e Ceips do Concello de Lugo e ampliación do prazo de presentación

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3139691578630676197.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LCOAL DO 22-2-2023

de ofertas. Exp. Ref. 2022/C003/000024.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de
Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de
Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**